

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS SEN FIN DE LUCRO DE ARANGA NO ÁMBITO DA CULTURA E O DEPORTE EN ARANGA PARA O ANO 2026

1. Finalidade e principios xerais

Coa finalidade de apoiar as entidades e asociacións sen fin de lucro que prestan servizos ou realizan actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal, ou que contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio, no ámbito da cultura, deporte e festexos patronais, convócanse para o exercicio 2026 as presentes subvencións. As mesmas son consoantes co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real Decreto 2/2004, de 5 de maio, que aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e o seu regulamento, na Lei 5/1997 de administración local de Galicia e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o seu regulamento.

Os principios aos que se suxeita o procedemento de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A presente convocatoria marca obxectivos de carácter xeral como mellorar a xestión e organización de actividades e equipamentos mediante a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades, obras ou servizos que lles sexan propios das entidades sen ánimo de lucro e asociacións rexistradas no concello de Aranga, e ao mesmo tempo teñan interese xeral, durante o ano 2026.

Quedan **excluídos** da presente convocatoria as seguintes actividades ou investimentos:

- Gastos derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ou asociacións (gastos de comidas ou similares das asociacións)
- Gastos de traslado ou transporte excepto os que soliciten e realicen, conxuntamente, todas as asociacións a través da Federación Municipal de Aranga “Fragas do Mandeo”.
- Gastos da excursión anual que organiza o ANPA do CEIP de A Castellana, que se aboan directamente polo concello.
- Gastos derivados das retencións do Imposto da Renda das persoas físicas (IRPF).
- Gastos financeiros, notariais, rexistrais, periciais, multas, sancións e sobrecargas administrativas ou penais.
- Gastos que non estean directamente vinculados á actividade ou inversión obxecto da subvención ou que dificilmente poidan relacionarse con ela ou que non sexan propios dos fines da asociación ou entidade beneficiaria.
- A adquisición de bens que pola súa natureza teñan carácter de uso exclusivo por un membro da asociación.
- As solicitudes, proxectos ou actividades que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega. Tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado.
- As actividades ou inversións de carácter confesional.

- No apartado de actividades quedan excluídas de participación as entidades deportivas que participen na convocatoria específica de subvencións a entidades deportivas de Aranga 2026.
-Tampouco serán subvencionables aqueles programas nos que se inclúa algunha das seguintes accións:

- a) Actividades que promovan ou xustifiquen calquera forma de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ou calquera outra que atente contra os dereitos fundamentais das persoas.
- b) Aquelas que fomenten ou poidan incitar, directa ou indirectamente, ao uso de drogas, alcol, tabaco, ou que realicen apoloxía do consumo das mesmas.

Os gastos excluídos non poderán recollerse nos orzamentos que se presenten na solicitude.

Cada solicitante só poderá solicitar unha subvención para un obxecto dentro de cada apartado, é dicir, como máximo poderá solicitarse unha subvención para actividade e outra para inversión. No caso de que a solicitude inclúa varias actividades ou inversións, considerarase que as mesmas están formuladas por orde de preferencia, considerando polo tanto que solicitan a actividade e a inversión mencionada en primeiro lugar.

Quedan excluídos desta convocatoria as Asociacións e Clubs de Fútbol de Aranga, beneficiarios de subvencións nominativas.

2. Obxecto e aplicación orzamentaria

Serán especial obxecto de subvención os seguintes ámbitos de actuación: cultura, deportes, educación e formación nos apartados de actividades e de inversión.

Apartado de actividades:

- Dinamización da xuventude: cursos, charlas, actividades de verán, ocio e tempo de lecer, programas de integración social etc.
- Promoción, cooperación e recuperación da cultura, historia e tradicións locais (festivais, publicacións, certames, mostras, exposicións...)
- Fomento das artes plásticas, audiovisuais, musicais ou escénicas (certames, cursos, concertos...)
- Promoción do deporte, exercicio físico e coidado da saúde.
- Participación en actos deportivos por deportivos individuais do concello en posesión da licenza de federado.
- Participación ou organización de actividades de promoción do deporte e en xeral as que perseguen interese sociodeportivo ou son de utilidade pública, tales como campionatos, intercambios, obradoiros deportivos etc así como deporte competición federado.
- Realización de actividades de conciliación familiar e laboral.
- En xeral, as que perseguen un interese social ou son de utilidade pública.

Apartado de inversións:

-Obras de novas instalacións ou de mantemento e conservación, tales como melloras nas mesmas ou creación de novas, así como adquisición de equipamentos ou mobiliario e medios non funxibles necesarios para o desenvolvemento da actividade.

A tal efecto, considéranse bens non funxibles aqueles bens mobles que sofren desgaste polo uso pero non poden reemplazarse con facilidade, dado que presentan características únicas e

singulares. Normalmente a súa duración supera o ano, son susceptibles de ser inventariados e no son adquisicións que se reiteran no tempo.

Pola contra, consideráanse bens funxibles: aqueles bens mobles que sofren desgaste, deterioro ou destrución durante a súa utilización, e que ao mesmo tempo poden perfectamente ser reemplazados por outros bens da mesma natureza.

En **materia de festexos patronais** financiarase con 300 €, exclusivamente, a celebración das festas patronais, sempre e cando se soliciten pola Comisión de Festas que dispoña do seu CIF correspondente e se acredite a celebración do evento. Estas subvencións tramítanse durante todo o ano, polo que quedan excluídas, na súa tramitación, da presente convocatoria.

As subvencións ou transferencias correntes a institucións sen fin de lucro imputaranse á partida 2026.0.334.0.48000 dotada cun crédito inicial de 15.787,38 €. Con respecto das inversións, imputaranse á partida 2026.0.459.0.78000 dotada cun crédito inicial de 14.000,00 €. Os créditos para as comisións de festas están previstos na partida 2026.0.334.48001.

Non obstante, e unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Pleno Municipal, á vista das que tiveron entrada no Rexistro Xeral, poderá modificar estas contías despois do expediente de modificación de créditos.

3. Solicitantes

Poderán optar a estas subvencións, sempre que cumpran os requisitos que se indican:

- As entidades ou asociacións, xuridicamente constituídas, así como os comités organizadores, que estean inscritas no rexistro municipal de asociacións.
Requisitos:
 - Carecer de fins de lucro.
 - Desenvolvemento da súa actividade dentro do termo municipal de Aranga, ou con beneficio evidente para a veciñanza.
 - Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda concedida polo Concello salvo que a Comisión de Subvencións aprecie razóns que xustifiquen eludir ese requisito.
 - Estar ao día nas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello.
 - Non estar inmerso en supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de axudas ou subvencións públicas.
- As ANPA dos centros de ensino público do Concello.
- Os deportistas individuais do concello, que estean en posesión da licenza de federado expedida pola correspondente federación deportiva e teñan máis de 18 anos e leven empadroados no concello de Aranga máis de dous anos, sempre que non presenten solicitude como asociación. A contía das axudas a deportistas individuais terá un importe máximo de 400,00 €.

4. Condicións das solicitudes

- As subvencións solicitadas por cada asociación que cumpra os requisitos sinalados na base 3, deberán referirse, exclusivamente, a un obxecto dentro de cada apartado. É dicir, só poderán solicitar, como máximo, unha subvención para actividades e outra para inversións, sinalando a prioridade entre elas.

- No caso de que a solicitude inclúa varias actividades ou inversións, considerarase que as mesmas están formuladas por orde de preferencia, considerando polo tanto que solicitan a actividade e a inversión mencionada en primeiro lugar.
- Establécese a contía máxima de cada solicitude en 6.000,00 € para actividades e de 10.000,00 € para inversións, de xeito que as solicitudes, para cada un dos ámbitos, que excedan do dito importe serán reducidas automaticamente.
- As solicitudes para inversión deberán ir acompañadas de certificación da titularidade do ben no que se realizará a inversión ou autorización do seu titular.

5. Documentación

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados que se lles facilitarán nas oficinas municipais e achegarase a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa da actividade ou inversión que se quere realizar, indicando os obxectivos, os beneficiarios e os fins a que se destinarán aos fondos (Anexo I).

b) Presuposto detallado dos gastos e ingresos da actividade ou inversión (Anexo I).

c) Importe da subvención que se solicita que en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que se vai realizar (Anexo I).

O importe da subvención consistirá nunha porcentaxe do solicitado, tendo en conta que se considerará importe solicitado o que se deduza da solicitude (Anexo I). A tal efecto se considerará importe solicitado a cantidade que resulte de descontar do orzamento de gastos presentado o importe dos ingresos procedentes doutras aportacións, incluídas as aportacións dos socios/as e sempre co límite dos 6000 € para actividade e 10000 € para inversión.

A porcentaxe de financiación fixarase pola Comisión Municipal de Subvencións tendo en conta o crédito dispoñible e o importe do total das axudas solicitadas.

d) Certificación da conta bancaria do solicitante.

e) Os comités organizadores ou veciñais presentarán ademais da acta fundacional coa relación dos seus compoñentes e a estrutura de funcionamento, así como unha copia do CIF solicitado para o efecto.

f) No caso de que a información que consta no rexistro municipal de asociacións non estea actualizada, incorporarase a súa comunicación.

g) Certificación do acordo de solicitude adoptado polo órgano competente e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello, no caso de entidades formalizadas (Anexo II).

h) Declaración responsable do representante de non estar inmerso en causas de incompatibilidade ou incapacidade e de aceptación das bases da convocatoria (Anexo III).

i) Declaración do representante de que o solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social e autorización para obter directamente certificacións ou informes sobre os ditos aspectos dos organismos competentes (Anexo III).

j) Cando a axuda se solicite para o apartado de actividades deberá comunicarlle ao concello a data para a súa realización, con carácter previo, a efectos de facilitar as actuacións de comprobación.

k) Cando a axuda se solicite para inversións presentarse un plano de situación e descrición valorada das obras co orzamento detallado. Acreditarase, ademais, a titularidade do ben no que se realizará a inversión, ou autorización expresa do titular. Axuntarse tamén o compromiso de solicitar a licenza e as autorizacións precisas para a realización da inversión.

l) Autorización publicación da datos(Anexo IV)e para a consulta de datos aos que o concello tenga acceso en virtude dos oportunos convenios.

Ademais, para a adxudicación da correspondente puntuación será necesario achegar a seguinte documentación:

- a) Relación de persoas asociadas a entidade.
- b) Relación da composición da xunta directiva.
- c) Memoria de actividades da anualidade anterior.

No caso de que as solicitudes non reunisen os requisitos mínimos esixidos farase un requirimento para a emenda, no prazo de dez días hábiles segundo establece o artigo 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O incumprimento da emenda producirá a caducidade da solicitude.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de forma telemática a través da sede electrónica, na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de QUINCE DÍAS NATURAIS, que se contarán a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

7. Resolución das subvencións

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Xunta de Goberno Local, despois da proposta motivada da Comisión Municipal de Subvencións, logo da petición dos informes que considere oportunos.

A Comisión municipal de subvencións ten a facultade de interpretar as presentes bases. Estará composta por:

- Presidente: o Alcalde.
- Vogais: un representante de cada grupo municipal, que serán nomeados polo Alcalde a proposta de cada grupo.
- Secretaria: a da corporación ou funcionario en quen delegue.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse tendo en conta os seguintes criterios:

Valoración da entidade

(máximo 10 puntos)

a) Número de persoas asociadas a entidade: ata 4 puntos

A asociación que teña 50 socios/as ou máis obterá 4 puntos, a que teña entre 20 e 49 socios/as obterá 3 puntos e a que teña entre 1 e 19 socios obterá 2 puntos.

b) Representación equilibrada de mulleres e homes na composición da xunta directiva: ata 2 puntos

Valorarase con 2 puntos a composición da xunta directiva en que ningún sexo sexa inferior e no caso de desequilibrio outorgaranse 0 puntos.

c) Compromiso de utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva: ata 2 puntos

Neste apartado valorarase o emprego da linguaxe non sexista e inclusiva na realización e difusión do proxecto obxecto de subvención. Este compromiso terá unha puntuación de 2 puntos e deberá reflectirse mediante a sinalización cun "SI" no cadro correspondente do ANEXO V.

d) Compromiso cos obxectivos no ámbito das asociacións do IV PIOM Concello de Aranga 2024-2029: ata 2 puntos

Valorarase o compromiso acorde o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos do IV PIOM. Dito compromiso terá unha puntuación de 2 puntos e deberá reflectirse mediante a sinalización cun "SI" no cadro correspondente do ANEXO VI.

Valoración do proxecto

(máximo 20 puntos)

a) Número de actividades organizadas no ano anterior: ata 5 puntos

O contido desde apartado virá reflexado nunha memoria que recolla o número de actividades realizadas así como a denominación das mesmas durante o último ano . Outorgarase 0,5 puntos por cada unha delas ata un máximo de 5 puntos.

b) Temporalidade das actividades: ata 2 puntos

Este apartado valorarase en función da temporalización do proxecto obxecto de subvención, segundo a duración mesmo. Concederase 1 punto para a realización de actividades puntuais e 2 puntos para a realización de actividades continuadas no tempo.

c) Propostas conxuntas e de colaboración con outras entidades ou asociacións: ata 4 puntos

Valoraranse os proxectos que se desenvolvan en conxunto con outras entidades ou asociacións na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual así como as accións e actividades executadas por varias asociacións veciñais.

d) Achega económica propia para o desenvolvemento da actividade ou proxecto: ata 5 puntos

Outorgaranse 5 puntos as entidade solicitantes que ofrezan unha aportación económica do 31%, 3 puntos para unha aportación entre o 10-29% e 1 punto para unha aportación entre o 1-9%.

e) Perfil dos/as beneficiarios directos do proxecto obxecto de subvención: ata 4 puntos

Este apartado valorarase en función do perfil das persoas beneficiarias do proxecto, de acordo ós seguintes criterios:

- Sectores específicos da poboación ou poboación xeral: 2 puntos.
- Persoas, familias ou sectores específicos da poboación en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social: 4 puntos.

Nembargantes a Comisión de Subvencións poderá acordar a concesión de todas as axudas solicitadas, establecendo unha porcentaxe da contía solicitada, igual para todas as asociacións, cando considere que as solicitudes reúnen criterios similares de valoración.

A Xunta de Goberno Local analizará a proposta da Comisión e resolverá, logo do informe de fiscalización de Secretaría-Intervención, realizando o oportuno reparto da cantidade dispoñible.

A resolución da concesión seralles notificada expresamente a todos os solicitantes, no prazo de dez días, que se contarán a partir da data da resolución e será exposta no taboleiro de anuncios da casa consistorial e na páxina web do Concello. Contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

O coeficiente de financiación que se establece para a concesión das subvencións será do 1%. Este coeficiente poderá modificarse a proposta da Comisión municipal de subvencións.

8. Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios deberán aceptar a subvención no prazo de dez días, sen prexuízo de que transcorrido dito prazo sen manifestar nada en contra, se entenda tacitamente aceptada.

Os beneficiarios asumen as seguintes obrigas:

1. Realizar as actividades ou inversións propostas dentro do ano 2026 acreditando o cumprimento da finalidade da subvención.

Por motivos xustificadas poderá solicitarse o cambio do obxecto da subvención, tanto en canto ao ámbito como ao tipo de subvención e o importe máximo a conceder será o mesmo da resolución que se ditou, salvo que proceda a redución da contía por obter valoración menor.

2. Someterse ás actuacións de comprobación do Concello así como facilitar a información que o Consello de contas lle requira.

3. Comunicarlle ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades para a mesma finalidade.
4. Conservar a contabilidade precisa e os documentos xustificativos da aplicación dos fondos durante o prazo de catro anos.
5. Proceder ao reintegro do percibido en caso de incumprimento ou xustificación insuficiente.
6. Sinalar na publicidade da actividade ou da inversión o cofinanciamento do Concello de Aranga. A non xustificación desta obriga por parte do beneficiario poderá determinar a perda da subvención.
7. Asumir todas as responsabilidades civís e legais da actividade ou inversión que realizan.
8. Compromiso de manter as inversións ou equipamentos durante tres anos, destinándoos a finalidade para que foi concedida a subvención.
9. Comunicarlle ao concello as datas da realización das actividades que sexan obxecto da subvención.

9. Xustificación

As entidades solicitantes deberán aportar a documentación que acredite os gastos realizados para desenvolver as actividades ou inversións.

A documentación xustificativa deberá referirse a actividades ou inversións realizadas durante o ano 2026 .A documentación presentaráse antes do 15/12/2026.

Se a documentación presentada fose insuficiente ou incorrecta outorgarase un prazo de dez días para a súa emenda.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades, supere o custo da actividade ou do investimento que desenvolva o beneficiario.

Para a xustificación da subvención o beneficiario deberá presentar, no Rexistro Xeral do Concello, a seguinte documentación:

- Certificación do secretario da entidade, co visto e praxe do presidente, que acredite o cumprimento da actividade ou investimento, e por tanto de ter cumprida a finalidade da subvención.(Anexo VII)
- Certificación do secretario co visto e praxe do presidente, das subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para o mesmo concepto.(Anexo VII)
- Relación clasificada dos gastos realizados asinada polo secretario da entidade, co visto e praxe do Presidente, no que se identifiquen acredores, conceptos de gasto, número de factura, importe e data de emisión. (Anexo VII)
- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades ou inversións xustificaranse mediante facturas orixinais ou copias compulsadas que se correspondan

co período subvencionado e datos que faciliten a comprobación de que o documento axústase ao obxecto da subvención.

- Xustificante do cumprimento da obriga de publicitar o cofinanciamento do Concello: mediante copia dos impresos ou carteis xerados pola entidade onde se faga constar a participación do concello de Aranga no financiamento da actividade ou fotografía do cartel que se debe colocar no lugar da inversión (tamaño A4).

- Memoria xustificativa das actividades realizadas ou dos investimentos realizados obxecto da subvención.

10. Pagamento

Á vista da documentación xustificativa a Comisión Municipal de subvencións valorará o cumprimento da finalidade básica obxecto da subvención. Logo das comprobacións oportunas procederá a propoñer a Alcaldía o seu aboamento, mediante transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario.

Se se xustifica o gasto polo 100% do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención e no caso de que se xustifique un gasto inferior ao orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

11. Reintegros

Procederase ao reintegro total ou parcial da subvención ou do anticipo outorgado cando se constate, logo de oír o beneficiario, calquera das seguintes situacións:

- Incumprimento da finalidade obxecto da subvención.
- Falta de xustificación ou realizar a xustificación de forma insuficiente ou deficiente.
- Obtención da subvención falseando ou ocultando as condicións necesarias para iso.
- Non xustificar a publicidade do cofinanciamento polo Concello.

12. Réxime xurídico aplicable

Estas bases e as subvencións que se outorguen ao seu amparo rexeranse polas mesmas e no non previsto por elas:

- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, do regulamento xeral de subvencións.
- Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009.
- Pola Lei reguladora das bases de réxime local 7/1985, de 2 de abril, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais.
- Restantes disposicións complementarias aplicables.

- Polas bases do Orzamento municipal do exercicio 2019 do Concello de Aranga.

13. Disposición final

Contra o acto administrativo que resolva o procedemento de concesión de subvencións, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto e no prazo dun mes dende o seguinte á recepción da notificación,

segundo establece o artigo 112 da lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas .

14. Protección de datos de carácter persoal

O solicitante que se adhira a esta convocatoria consinte en que os datos de este expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos do concello de Aranga. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter datos das persoas e asociacións que participan na convocatoria, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina Web do concello, do que se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INSTITUCIÓN S EN FIN DE LUCRO DE ARANGA ANO 2026

CANLE DE NOTIFICACIÓN



Notificación Postal



Notificación telemática

DATOS DA ENTIDADE:

Nome _____, CIF _____
Enderezo _____ Localidade _____
_____, Teléfono _____, Número de Rexistro Municipal de Asociacións _____
correo electrónico _____.-

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos _____
NIF _____, como _____ da Entidade.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN: _____

_____-

(Deberase describir, de xeito suficiente e detallado, a actividade ou o investimento para o que se solicita a subvención, así como da fin ou do obxecto que se espera acadar con ela).

IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA _____.

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:

Aranga, de de 2026
Asdo.: O representante da Entidade

ANEXO II
DESIGNACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE ANTE O CONCELLO DE ARANGA

D./D.ª _____, en calidade de secretario/a da entidade

CERTIFICO:

Que a Xunta directiva da entidade, na sesión que se realizou o día _____, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Acollerse á convocatoria de subvencións publicada polo Concello de Aranga para a promoción de actividades culturais e deportivas e festexos populares correspondentes ao exercicio 2019.

2º.- Designar a D./D.ª _____
para que represente á entidade ante o Concello en todo o procedemento.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino o presente documento de orde e co visto e praxe do Sr. presidente en Aranga, a de de dous mil vinte e seis

O secretario/a:

V. e Pr.
O Presidente:

ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./D.ª _____, co NIF _____ e domicilio en
_____, na súa calidade de representante da entidade
_____, con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por
falsidade,

DECLARO:

Nome:

Enderezo:

Nome do Presidente:

Secretaria:

Tesoureira:

Vocais:

Persoa de contacto/Teléfono/ Datos de contacto:

Obxecto da Asociación:

Aranga, de de 2026
Asdo.:

ANEXO V

COMPROMISO UTILIZACIÓN LINGUAXE NON SEXISTA E INCLUSIVA

D./D.^a _____, co NIF _____ e domicilio en _____, na súa calidade de representante da entidade _____

[SI] Declaro que a entidade que represento comprométese a incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva.

Aranga, de de 2026

Asdo.: O representante da entidade

ANEXO VI

COMPROMISO COS OBXECTIVOS DO IV PIOM CONCELLO DE ARANGA 2024-2029

D./D.^a _____, co NIF _____ e domicilio en _____, na súa calidade de representante da entidade _____

[SI] Declaro que a entidade que represento comprométese a cumprir cos obxectivos do IV PIOM Concello de Aranga 2024-2029 no ámbito das asociacións.

Aranga, de de 2026

Asdo.: O representante da entidade

ANEXO VII XUSTIFICACIÓN

D./D.^a _____, na súa calidade de secretario/a da entidade _____,

CERTIFICO:

Que foron efectuadas as actividades ou investimentos financiados coa achega concedida polo Concello de Aranga para a promoción de actividades culturais e deportivas, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2023 resultando cumprida a finalidade da subvención.

Que a relación de gastos en que ten incurrido a asociación é a seguinte:

CONCEPTO	ACREEDOR	N.º FACTURA	DATA EMISIÓN	IMPORTE	DATA DE PAGO

Que os ingresos que financian a actividade ou investimento (cuotas socios, outras subvencións... son :

CONCEPTO	DEBEDOR	DATA INGRESO	IMPORTE

Que as subvención que se obtiveron doutras Administracións ou Organismos públicos ou privados, as seguintes subvencións para a mesma finalidade, que figuran no cadro anterior son:

_____.-

Que se xuntan facturas orixinais dos gastos realizados así como o xustificante da publicidade da cofinanciación polo Concello e a memoria explicativa das actividades ou inversións.

Aranga, de de 2026
O secretario da entidade
Asdo:

Vº.Prace .O Presidente
Asdo:”